

# PROXECTO EDUCATIVO IES MESTRE LANDIN

REVISIÓN Nº 1:  
DATA: 28/06/19

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO:28/06/19 Versión 14.

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 28/06/19

DATA 1ª REVISIÓN:

DATA 2ª REVISIÓN:

## TÁBOA DE CONTIDO

<b>1. Análise do contexto</b> .....	3
1.1. <b>Resumo histórico</b> .....	3
1.2. <b>Situación xeográfica, socioeconómica e cultural da contorna</b> .....	4
1.3. <b>Características do alumnado</b> .....	5
<b>2. Principios, valores e sinais de identidade</b> .....	5
<b>3. O centro</b> .....	7
3.1. <b>Instalacións</b> .....	7
3.2. <b>Horarios xerais do centro</b> .....	8
3.3. <b>Oferta educativa, Área de influencia e centros adscritos</b> .....	9
3.4. <b>Servizos complementarios</b> .....	11
3.5. <b>Actividades extraescolares</b> .....	11
3.6. <b>Plan de avaliación do centro</b> .....	11
<b>4. Obxectivos</b> .....	11
<b>5. Proxectos de centro</b> .....	16
<b>6. Estrutura organizativa</b> .....	21
6.1. <b>órganos de goberno unipersoais</b> .....	21
6.2. <b>Órganos colexiados</b> .....	22
6.3. <b>Órganos de coordinación docente</b> .....	23
6.3.1. <b>CCP</b> .....	23
6.3.2. <b>Departamento de orientación</b> .....	24
6.3.3. <b>Equipo de dinamización da lingua galega</b> .....	24
6.3.4. <b>Equipo de actividades complementarias e extraescolares</b> .....	25
6.3.5. <b>Equipo de biblioteca</b> .....	26
6.3.6. <b>Equipo de dinamización das TIC</b> .....	27
6.4. <b>Departamentos didácticos</b> .....	27
<b>7. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO</b> .....	29
<b>8. REVISIÓN, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA</b> .....	29

## 1. Análise do contexto

### 1.1. Resumo histórico

O Instituto de Educación Secundaria Mestre Landín é un centro público que toma o seu nome do ilustre Director- Compositor D. Francisco Landín Pazos, atópase situado nos arredores da poboación de Marín na parroquia de San Xulián, nun lugar coñecido como A Raña.

Empezou a funcionar en setembro do ano 1998, tendo nun principio as súas oficinas no CEIP A Laxe mentres non se remataba o Centro.

O Concello de Marín atópase na península do Morrazo, promontorio saínte das Rías Baixas (provincia de Pontevedra), e conta cunha extensión de 40,50 km<sup>2</sup>. Limita ao norte coa Ría de Pontevedra, ó sur co Concello de Vilaboa, ó leste co Concello de Pontevedra e ó oeste cos Concellos de Bueu e Moaña.

Dividido en sete parroquias: Marín, Santa María de Ardán, Santa María do Campo, San Xulián de Marín, San Xurxo de Mogor, Santomé de Piñeiro, e Nosa Señora do Carme de Seixo.

O chan é, en xeral, montañoso; incluso os vales son moi desiguais. As entidades de poboación, salvo a de Pastoriza, sitúanse nun anfiteatro vertebrado ó redor do pequeno monte Penizas, con dúas correntes principais, de corto caudal e curso: ríos Neibó e Lameira. Bordean o termo os montes A Serra, Pedra Longa, Xaxán, Formigoso, Monte Blanco, Monte Castelo, Castiñeira, O Cabalo, Sobareiro, A Cova e outros. O Formigoso, con 519 metros é o máis alto.

A cabeceira do municipio, Marín, está ó nivel do mar, ocupando a cuncha terminal do val, entre Etribela e Monte Pesqueira. O val é fértil e ben regado. Medra o millo, hortalizas, legumes, forraxes; a vide, árbores froiteiras. Os montes, a excepción do Monte Blanco ou Calvo, cúbrense de árbores, piñeiros e eucaliptos sobre todo. Antes foron toxos nos cumes e carballo e sobreira nas ladeiras. A constitución do terreo é granítica. A costa, rocosa, ten 8 km de longo, irregular, con saíntes e abundantes praias.

Un clima atlántico, húmido, domina a área na que se ubica o municipio, con temperaturas suaves e abundantes precipitacións.

A temperatura media anual de 14,4° ascende desde os 9° do mes máis frío ata os 19,8° do mes máis cálido. Só 3 meses ó ano, decembro, xaneiro e febreiro, teñen unha temperatura media inferior a 10°. As precipitacións sobrepasan os 1.400 mm anuais, cunha distribución moi regular ó longo do ano. A maior cantidade de precipitacións cae en novembro, decembro e xaneiro, sen menosprezar as de marzo. En xuño descenden bruscamente, sendo débiles durante os tres meses de verán, para volver a incrementarse a partir de setembro. Isto confírmanos un clima suave, a presenza no municipio de árbores tipicamente mediterráneos como a laranxeira, o limoeiro, o kiwi e outros, fálanos dun clima benigno.

## **1.2. Situación xeográfica, socioeconómica e cultural da contorna**

Marín conta cunha poboación aproximada de 26.000 habitantes. A partir da observación da táboa da pirámide de poboación poderá concluírse que non se trata dun municipio envellecido, especialmente se o comparamos co que ven sendo habitual noutros puntos da xeografía galega, en xeral cuns índices de envellecemento moi elevados.

Marín conta cun gran número de habitantes en idade de traballar, conta cunha numerosa poboación activa, especialmente entre os 25 e os 29 anos, pasando do milleiro de habitantes en tódalas franxas de idade, tanto en homes como en mulleres, entre os 20 e os 44 anos. Aínda que esta situación poderá cambiar nun futuro de seguir tan baixo o número de nacementos, o que pode facer que nun futuro non estea asegurado o relevo xeracional. Ó redor de 10.000 viven fóra do casco urbano. A densidade de poboación é de 649.5 habitantes/km<sup>2</sup>

Para levar a cabo a análise dos diversos sectores que conforman a comunidade educativa do noso Instituto elaboráronse unha serie de enquisas que foron respondidas por alumnos/as. En tódolos cursos a profesión das nais é con ampla maioría ama de casa, mentres que entre as dos pais existen dúas que destacan sobre as demais: mariñeiro e albanel.

As aspiracións educativas dunha parte dos pais/nais na zona son máis ben baixas, existe unha clara despreocupación dos mesmos pola asistencia ás clases dos seus fillos/as e consecuentemente os avisos á Asistencia Social do Concello son moitos ao longo do curso; pero, aínda así, non sempre se obtén a resposta esperada.

O persoal docente está composto por un cadro de persoal de 21 profesores/as dos cales aproximadamente o 70% é fixo e o 30% restante é interino ou substituto. Ademais do persoal docente citado sería necesario contar no centro con profesorado especializado en audición e linguaxe así como de apoio para alumnado estranxeiro.

No Centro o persoal non docente está formado por un conserxe, dúas persoas que se ocupan da limpeza e unha administrativa.

As instalacións externas constan dun aparcadoiro, dúas canchas polideportivas e zona axardinada. Ademais o centro conta con rampa de acceso para minusválidos, ascensor e cuarto de baño específico. As instalacións interiores repártense entre as dúas plantas do Centro.

### 1.3. Características do alumnado

O diversidade do alumnado tanto no eido social, económico, cultural e nas súas necesidades educativas é sumamente ampla. Por este motivo os esforzos do centro focalízanse en manter a calidade da ensinanza a través da inclusividade fomentando a superación persoal do alumnado.

## 2. Principios, valores e sinais de identidade

**Coeducación.** O noso Centro aposta pola coeducación baseada na igualdade, deixando á parte calquera tipo de discriminación por razóns de sexo. Teremos en conta na nosa liña metodolóxica que non existan condutas que apoiem os roles sexistas atribuídos a ambos sexos. Dada a incidencia deste tipo de roles na nosa zona, o Centro traballará na modificación destas condutas a fin de que repercutan na comunidade.

**Integración.** Consideramos que todo alumno/a matriculado no noso Centro debe integrarse totalmente no mesmo, con igualdade de dereitos e deberes. Favorece-la integración do alumnado con necesidades educativas especiais implica unha tarefa de socialización que require a colaboración de toda a comunidade educativa. Do mesmo xeito, favorecer a integración de estranxeiros, valorando a cultura dos mesmos.

**Pluralismo e valores democráticos.** O Centro comprométese a educar ós seus alumnos/as nun exercicio responsable da súa liberdade, para que elixan as súas opcións, actúen de acordo con elas e acepten e valoren as súas consecuencias. Consideramos que a madurez chega dende a propia autonomía, mediante o compromiso e o esforzo persoais, e mediante a crítica e valoración do mundo que nos rodea.

O Centro comprométese tamén a educar e para a tolerancia, a solidariedade e a convivencia social, a paz e a igualdade, fomentando nos alumnos/as actitudes de diálogo, de respecto mutuo e de respecto a tódolos pobos e culturas.

As actitudes, valores e normas que procuraremos desenvolver entre o noso alumnado serán a actitude de respecto ós dereitos e liberdades fundamentais e o exercicio da tolerancia e liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, potenciando entre outros os seguintes valores: Esforzo persoal; Responsabilidade; Coherencia; Solidariedade e cooperación; Espírito activo e creativo; Autonomía; Respetto á identidade cultural; Espírito crítico.

**Lingua administrativa e de aprendizaxe.** Segundo a Lei de Normalización Lingüística o galego, lingua propia de Galicia, é a lingua oficial da Administración Educativa na nosa comunidade. O Centro, asume o uso do galego en tódolos aspectos administrativos e ademais fomentará o seu uso por parte de toda a comunidade educativa; tamén velará para que se impartan en galego, como mínimo, as materias que a Lei de Normalización Lingüística establece.

**Convivencia e mediación.** A Mediación como estratexia na que as partes implicadas no conflito tratan de chegar a un acordo por si mesmas coa axuda dunha terceira persoa que facilita a comunicación pero sen propoñer a solución.

**A tecnoloxía como ferramenta de inclusión.** As ferramentas tecnolóxicas permiten ao noso alumnado igualar as súas oportunidades con respecto a outras áreas ou sectores máis favorecidos.

### 3. O centro

#### 3.1. Instalacións

Estas son as aula do centro centro e a súa distribución sendo posible a súa reorganización en función das necesidades de cada ano.

Aula1_2ºB	30	Aula	16	Aula de Tecnoloxía	30	Taller
02 Aula2_2ºA	30	Aula	17	Aula de Informática	30	Taller
03 Aula3_Audiovisuais	30	Aula	18	Laboratorio	30	Laboratorio
04 Aula4_Desdobre 2	30	Aula	19	Biblioteca	30	Sen especificar
05 Aula5_Desdobre 4	30	Aula	20	Pavillón	30	Ximnasio
06 Aula6_4ºA	30	Aula	21	Sala profesorado	15	Sen especificar
07 Aula7_1ºC	30	Aula	1	1ºA	30	Aula
08 Aula8_1ºB	30	Aula	2	1ºB	30	Aula
09 Aula9_1ºA	30	Aula	22	Aula de Idiomas	30	Aula
10 Aula10_Desdobre 3	30	Aula	23	Laboratorio	30	Taller
11 Aula11_Desdobre 1	30	Aula	3	2ºA2	30	Aula
12 Aula12_3ºA	30	Aula	4	2ºA	30	Aula
13 Aula de idiomas	30	Aula	5	2ºB	30	Aula
14 Aula de música	30	Aula	6	2ºB2	30	Aula
15 Aula de plástica	30	Aula	7	3ºA	30	Aula
			8	3ºB	30	Aula
			9	3ºPDC	30	Aula





### 3.2. Horarios xerais do centro

As actividades lectivas desenvólvense en horario de mañá.

		LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
<b>Mañá</b>	Entrada	08:30	08:30	08:30	08:30	08:30
	Saída	13:50	15:00	15:00	13:50	13:50

Horario de atención ao público do centro:

		LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
<b>Mañá</b>	Apertura	9:00	9:00	9:00	9:00	9:00
	Peche	13:30	13:30	13:30	13:30	13:30

Estas son as franxas horarias do centro

Sesión	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1	08:30 a 09:20 ▷	08:30 a 09:20	08:30 a 09:20	08:30 a 09:20	08:30 a 09:20
2	09:20 a 10:10 ▷	09:20 a 10:10	09:20 a 10:10	09:20 a 10:10	09:20 a 10:10
3	10:10 a 11:00 ▷	10:10 a 11:00	10:10 a 11:00	10:10 a 11:00	10:10 a 11:00
4	11:00 a 11:20 ▷	11:00 a 11:20	11:00 a 11:20	11:00 a 11:20	11:00 a 11:20
5	11:20 a 12:10 ▷	11:20 a 12:10	11:20 a 12:10	11:20 a 12:10	11:20 a 12:10
6	12:10 a 13:00 ▷	12:10 a 13:00	12:10 a 13:00	12:10 a 13:00	12:10 a 13:00
7	13:00 a 13:50 ▷	13:00 a 13:20	13:00 a 13:20	13:00 a 13:50	13:00 a 13:50
8	a ▷	13:20 a 14:10	13:20 a 14:10	a ▷	a ▷
9	a ▷	14:10 a 15:00	14:10 a 15:00	a ▷	a ▷

- Horario de verán.

Durante os periodos non lectivos horario de atención ao público será o seguinte:

		Do 1 ao 15	Do 16 ao 31
<b>Xullo</b>	Entrada	09:30	10:00
	Saída	13:30	13:00
<b>Agosto e restantes días non lectivos</b>	Atención previa cita		

### 3.3. Oferta educativa, Área de influencia e centros adscritos

#### Oferta educativa

ESO	1º ESO		2º ESO		3º ESO	
	H	LI	H	LI	H	LI
<b>MATERIA</b>						
<b>BIOLOXÍA E XEOLOXÍA</b>	4	G			2	G
<b>EF</b>	2	G	2	G	2	G
<b>FÍSICA E QUÍMICA</b>			3	C	2	C
<b>LINGUA CASTELA</b>	4	C	3	C	3	C
<b>1ª LINGUA ESTRANXEI</b>	3	C	3	C	3	C
<b>LIGUA GALEGA</b>	4	G	3	G	3	G
<b>MATEMÁTICAS</b>	5	C	5	C	4	C
<b>MÚSICA</b>			2	G	2	C
<b>PLÁSTICA</b>	2	C			2	G
<b>RELIXIÓN/VAL. ÉTIC.</b>	1	G	1	G	1	G
<b>TECNOLOXÍA</b>			3	C	2	C
<b>XEOGRAFÍA E HISTORIA</b>	3	G	3	G	3	G
<b>2ª LINGUA ESTRANX.</b>	2	G	2	G	2	G
<b>LIBRE CONFIGURACIÓN*</b>	1	C	1	G		
<b>CASTELÁN (%)</b>	15	C	17	C	16	C
<b>GALEGO (%)</b>	16	G	14	G	15	G

MATERIAS	4º ESO ACAD	
	H	LI
<b>EF</b>	2	G
<b>LINGUA CASTELA</b>	3	C
<b>1ª LINGUA ESTR.</b>	3	C
<b>LIGUA GALEGA</b>	3	G
<b>MATEMÁTICAS</b>	4	C
<b>RELIXIÓN/VAL. ÉTIC</b>	1	G
<b>XEOGR. E HIST.</b>	3	G
<b>1ª TRON. OPC.* BIOLOXÍA/ECO</b>	3	G

<b>2ª TRON. OPC.* FÍSICA E QUÍMICA/LATIN</b>	<b>3</b>	<b>C</b>
<b>1ª ESP. OPC.* FRANCÉS/TIC</b>	<b>3</b>	<b>G</b>
<b>2ª ESP. OPC.* EPVA/MUS</b>	<b>3</b>	<b>C</b>
<b>* ESPECIFICAR O NOME DA MATERIA</b>		
<b>CASTELÁN (%)</b>	<b>16</b>	<b>C</b>
<b>GALEGO (%)</b>	<b>15</b>	<b>G</b>

<b>MATERIAS</b>	<b>4º ESO APLIC</b>	
	<b>H</b>	<b>LI</b>
<b>EF</b>	<b>2</b>	<b>G</b>
<b>LINGUA CASTELA</b>	<b>3</b>	<b>C</b>
<b>1ª LINGUA ESTR.</b>	<b>3</b>	<b>C</b>
<b>LIGUA GALEGA</b>	<b>3</b>	<b>G</b>
<b>MATEMÁTICAS</b>	<b>4</b>	<b>C</b>
<b>RELIXIÓN/VAL. ÉTIC</b>	<b>1</b>	<b>G</b>
<b>XEOGR. E HIST.</b>	<b>3</b>	<b>G</b>
<b>1ª TRON. OPC.* IAEA</b>	<b>3</b>	<b>G</b>
<b>2ª TRON. OPC.* TECNOLOXÍA</b>	<b>3</b>	<b>C</b>
<b>1ª ESP. OPC.* FRANCÉS/TIC</b>	<b>3</b>	<b>G</b>
<b>2ª ESP. OPC.* EPVA/MUS</b>	<b>3</b>	<b>C</b>
<b>* ESPECIFICAR O NOME DA MATERIA</b>		
<b>CASTELÁN (%)</b>	<b>16</b>	<b>C</b>
<b>GALEGO (%)</b>	<b>15</b>	<b>G</b>

### Área de influencia

O centro recibe alumnado dos centros adscritos CEIP do Carballal e do CEIP da Laxe, sendo as zonas de influencia do CEIP do Carballal e do CEIP da Laxe. Son zonas limítrofes deste centro as áreas de influencia do CPR Calasancio e CPR Sagrado Corazón de Jesús (Rúa da Estrada) e os concellos de Poio, Marín e Vilaboa. O centro recolle as áreas de influencia dos centros adscritos de primaria.

### 3.4. Servizos complementarios

Transporte escolar:

- Horarios dos servizos complementarios: transporte escolar
  - Horario de ida (1ª parada):
    - Ruta 1: Pastoriza 7:45
    - Ruta 2: Mirón 8:05
    - Ruta 3: Estribela Farmacia 8:05
  - Horario de regreso (saída do centro):
    - Luns, xoves e venres: Todas as rutas: 13:50
    - Martes e mércores: Todas as rutas: 15:00

### 3.5. Actividades extraescolares

A realización de actividades extraescolares serán aprobadas anualmente polo director e co visto bo do consello escolar e recollidas na PXA.

### 3.6. Plan de avaliación do centro

O centro avalíase mediante o seguimento da PXA aprobada no mes de outubro e a través dos seguimentos trimestrais dos órganos colexiados, claustro e consello escolar.

## 4. Obxectivos

<b>Obxectivo:</b> Mellorar a convivencia do alumnado	
Mellorar a convivencia a través de proxectos innovadores.	
<b>Acción 1</b>	Consolidación do programa TEI.
<b>Indicador</b>	Valoración do alumnado do programa por parte do alumnado e familias.
<b>Responsables</b>	Titores, orientación e xefatura de estudos.

<b>Recursos e materiais</b>	Actividades de cohesión do alumnado nas titorías e actividades complementarias no centro.
<b>Acción 2</b>	Resolución de conflitos a través da mediación escolar.
<b>Indicador</b>	Número de actuacións realizadas polo equipo de mediación do centro
<b>Responsables</b>	Departamento de orientación e xefatura de estudos.
<b>Recursos e materiais</b>	Dotación do contrato programa para formación externa dos novos mediadores.
<b>Acción 3</b>	Desenvolvemento do programa Educación Responsable.
<b>Indicador</b>	Número de actuacións realizadas a partir da formación do programa.
<b>Responsables</b>	Departamento de orientación e xefatura de estudos.
<b>Recursos e materiais</b>	Dotación do contrato programa para a realización das actividades do proxecto.
<b>Acción 4</b>	Mellora das instalacións deportivas.
<b>Indicador</b>	Número de actividades dispoñibles nos recreos.
<b>Responsables</b>	Dirección do centro.
<b>Recursos e materiais</b>	Apartacións do concello de Marín e gastos de funcionamento.
<b>Acción 5</b>	Mellora da comunicación coas familias a través do ABALAR MÓBIL.
<b>Indicador</b>	Nº de responsables que reciben comunicación a través deste medio.
<b>Responsables</b>	Titores, orientación e xefatura de estudos.
<b>Recursos e materiais</b>	Aplicación móbil da consellería.
<b>Acción 6</b>	Aumento da implicación da ANPA.

<b>Indicador</b>	Número de actividades nas que participa a ANPA.
<b>Responsables</b>	Departamento de DACE e dirección.
<b>Recursos e materiais</b>	Dotación do contrato programa para a prevención do abandono temperá .

<b>Obxectivo:</b> Mellora do rendemento académico	
<b>Acción 1</b>	Consolidación da semana matemática.
<b>Indicador</b>	Número de participantes nas actividades programadas.
<b>Responsables</b>	Departamento de matemáticas.
<b>Recursos e materiais</b>	Dotación económica do contrato programa.
<b>Acción 2</b>	Aplicación de programas de innovación educativa dentro do plan proxecta e contrato programa.
<b>Indicador</b>	Número de programas desenvolvidos no centro.
<b>Responsables</b>	Xefatura de estudos e departamentos implicados
<b>Recursos e materiais</b>	Programas educativos da consellería de educación.
<b>Acción 3</b>	Mellorar a transición de etapa, con maior coordinación entre o noso Instituto e os centros de Primaria.
<b>Indicador</b>	Valoración do alumnado e das familias do tránsito entre etapas.
<b>Responsables</b>	Departamento de orientación e xefatura de estudos.
<b>Recursos e materiais</b>	Dotación dos contratos programa para a prevención do abandono.

<b>Acción 4</b>	Desenvolvemento do plan de seguimento do alumnado con materias pendentes ou repetidores para a redución de materias suspensas.
<b>Indicador</b>	Resultado das avaliación de materias pendentes.
<b>Responsables</b>	Xefes de departamento.
<b>Recursos e materiais</b>	Formularios de seguimento.
<b>Acción 5</b>	Potenciar a coordinación con Servizos Sociais, para mellorar os casos de alumnado cun número elevado de faltas de asistencia inustificadas.
<b>Indicador</b>	Número de protocolos de absentismo.
<b>Responsables</b>	Departamento de orientación e xefatura de estudos.
<b>Recursos e materiais</b>	Reunións trimestrais cos representantes dos servizos sociais de Marín.
<b>Acción 6</b>	Dixitalización da docencia: EDIXGAL.
<b>Indicador</b>	Profesorado implicado no emprego destas tecnoloxías.
<b>Responsables</b>	Xefatura de estudos.
<b>Recursos e materiais</b>	Dotación do programa EDIXGAL da consellería e PFPP.
<b>Acción 7</b>	Implantación da aprendizaxe cooperativa.
<b>Indicador</b>	Número de profesores que empregan esta metodoloxía.
<b>Responsables</b>	Departamento de orientación e xefatura de estudos.
<b>Recursos e materiais</b>	PFPP.
<b>Acción 8</b>	Actualización dos documentos organizativos do centro.
<b>Indicador</b>	Número de documentos actualizados á normativa vixente.

<b>Responsables</b>	Dirección.
<b>Recursos e materiais</b>	Documentos modelo proporcionados pola inspección educativa.

<b>Obxectivo</b> : Significar o centro no concello de Marín	
<b><i>Significar o centro como referente nas novas tecnoloxías</i></b>	
<b>Acción 1</b>	Implantación do programa EDIXGAL en todas as materias de 1º e 2º ESO eliminando o uso do libro de texto en papel.
<b>Indicador</b>	Número de departamentos implicados.
<b>Responsables</b>	Xefatura de estudos.
<b>Recursos e materiais</b>	Dotación ABALAR da consellería e formación do CFR.
<b>Acción 2</b>	Converternos en referentes no campo da robótica, impresión 3D e programación mediante a realización de demostracións e exhibicións das experiencias noutros centros e na localidade .
<b>Indicador</b>	Aumento do número de alumnado participante nas actividades de programación e robótica. Presenza nos medios de comunicación.
<b>Responsables</b>	Departamento de Tecnoloxía e Plástica.
<b>Recursos e materiais</b>	Emprego dos robots e impresora 3D da consellería de educación e da dotación económica do contrato programa. Robots dos colexios adscritos e colaboración co Concello de Marín.
<b>Acción 3</b>	Mantemento das instalacións do centro .
<b>Indicador</b>	Valoración do alumnado e dos responsables.
<b>Responsables</b>	Dirección do centro.



<b>Recursos e materiais</b>	Asignación de gasto de funcionamento.
<b>Acción 4</b>	Reforzar a presenza nas redes sociais e na prensa local, amosando as actividades e novidades do centro.
<b>Indicador</b>	Número de publicación das notas de prensa remitidas.
<b>Responsables</b>	Dirección.
<b>Recursos e materiais</b>	Colaboración dos departamentos didácticos do centro para a realización de vídeos explicativos das súas materias.
<b>Acción 5</b>	Realizar visitas e demostracións nos colexios de primaria co fin de amosar os proxectos e logros alcanzados polos nosos alumnos.
<b>Indicador</b>	Número de actividades conxuntas realizadas.
<b>Responsables</b>	Dirección e departamento de orientación.
<b>Recursos e materiais</b>	Colaboración dos departamentos didácticos do centro para a realización de vídeos explicativos das súas materias.

## 5. Proxectos de centro

O IES Mestre Landín destaca pola iniciativa da súa comunidade educativa para participar e desenvolver proxectos e plans de centro. Estas liñas de traballo permiten dar unha continuidade as ferramentas e estratexias que nos definen. A continuación descríbense os principais:

Contrato programa		Ano de implantación: 2013-14
Xustificación da necesidade	Este programa permite unha aportación económica ao centro que supón un soporte fundamental ás actividades realizadas polo alumnado e profesorado.	
Valoración da implantación	Inicialmente desenvolveuse a liña PROA pero ao non ter continuidade do profesorado implicado, optouse por traballar nas outras liñas de traballo do programa como son:	

	<p>2. Mellora das competencias clave.</p> <p>3. Mellora da convivencia e promoción da igualdade nos centros.</p> <p>4. Prevención do abandono temperán e do absentismo escolar.</p> <p>5. Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia.</p> <p>6. Mellora da calidade na xestión dos centros.</p> <p>A experiencia dos resultados anima a continuar neste vindeiro curso</p>
--	---

PLAMBE		Ano de implantación: 2009/10
Xustificación da necesidade	Este programa permite unha aportación económica para enriquecer a dotación da biblioteca permitindo que os departamentos dispoñan dunha ampla oferta	
Valoración xeral da implantación	O centro solicitou a continuidade no programa PLAMBE dado a súa repercusión positiva na xestión e difusión da lectura a través da biblioteca.	

CLUB DE LECTURA		Ano de implantación: 2015/16
Xustificación da necesidade	O interese mostrado por certo número de alumnos pola lectura deu pé a busca dun entorno onde poder compartir as experiencias e sentimentos extraídos dunha lectura máis pausada e reflexionada.	
Valoración xeral da implantación	Da súa análise do programa pódese concluír que un Club de Lectura escolar é unha proposta creativa para abordar a literatura no centro e que contribúe ao desenvolvemento da lectura por pracer e ao hábito lector do alumnado e, ao mesmo tempo pode favorecer a educación en valores e o pensamento crítico.	

BIBLIOTECA SOLIDARIAS		Ano de implantación: 2015/16
Xustificación da necesidade	Mediante este programa dáse visibilidade ao grupo de alumnos e alumnas que veñen colaborando ao longo dos anos na biblioteca do centro.	

Valoración xeral da implantación	A valoración é positiva xa que permite dar responsabilidades de organización e funcionamento da biblioteca aos alumnos participantes.
----------------------------------	---

PROGRAMA TEI		Ano de implantación: 2016/17
Xustificación da necesidade	Este proxecto busca unha mellora da convivencia e das relacións entre os alumnos a través dunha figura mentora dos alumnos voluntarios de terceiro da ESO sobre os de primeiro	
Valoración xeral da implantación	<p>Este ano a configuración do centro veu dada por este proxecto dado que as horas de titoría de 1º e 3º da ESO e 2º e 4º da ESO son á mesma hora e os respectivos grupos están no mesmo corredor.</p> <p>Da experiencia atopamos a necesidade de comezar o programa con maior celeridade para atallar os conflitos e medos que xorden no alumnado novo nos primeiros meses de curso</p>	

PROGRAMA MEDIACIÓN ESCOLAR		Ano de implantación: 2016/17
Xustificación da necesidade	Unha gran cantidades de conflitos graves do centro viña orixinado de incidentes entre o alumnado que non foron quen de resolver entre eles.	
Valoración xeral da implantación	Gracias a actuación do alumnado e profesorado implicado un gran número de conflitos foron atallados antes de que escalaran a actos de violencia verbal ou física.	

Seccións Bilingües		Ano de implantación: 2014/15
Xustificación da necesidade	O alumnado do centro amosa dificultades e carencias nas linguas estranxeiras. este programa permite un contacto directo coa lingua a través doutra materia focalizando o aprendizaxe na lingua	

	coma elemento vehicular.
Valoración xeral da implantación	Tanto o alumnado como as familias amosaron interese por esta opción metodolóxica polo que foise ampliando a oferta de seccións a todos os niveis (tres novas seccións) de forma que todo o alumnado interesado a pode cursar. Ademais contamos coa presenza de auxiliar de conversa que otorga unha gran calidade ao programa.

Plan proxecta	Ano de implantación: 2014-15
Xustificación da necesidade	Este programa permite sumarse a unha liña de traballo e experiencias previas doutros centros. Conta tamén con programas de formación e permite acceder con prioridade a convocatorias e concursos para os proxectos que se están a desenvolver.
Valoración xeral da implantación	<p>O centro desenvolveu varias liñas deste programa, cunha valoración positiva dos mesmos. Non obstante, requiren unha vinculación moi alta coa persoa coordinadora polo que dificulta a súa continuidade.</p> <p>Ao longo dos anos implantáronse os seguintes proxectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Correspondentes xuvenís 3.0</li> <li>Por 365 días de respecto e igualdade</li> <li>Montentérate</li> <li>MeteoEscolas</li> <li>Cooperación galega: O mundo que queremos</li> <li>Xermolón</li> <li>Aprendo programando</li> <li>Aliméntate ben</li> </ul>

PROGRAMA EDUCACIÓN RESPONSABLE		Ano de implantación: 2016/17
Xustificación da necesidade	Dado que gran parte dos conflitos veñen da man dunha mala xestión das emocións o centro atopou neste programa un vía de mellora da convivencia.	
Valoración xeral da implantación	A través do traballo das titorías e tamén nas propias materias, en concreto nas de Lingua Castelá, Educación Plástica e Visual e de Música implantáronse novas dinámicas nas relacións entre iguais. As experiencias do pasado concretáronse no plan de acción tutorial e contamos con seguir desenvolvéndoas.	

APRENDIZAXE COOPERATIVO		Ano de implantación: 2016/17
Xustificación da necesidade	O baixo rendemento dunha parte importante do alumnado levounos a buscar vías alternativas ao traballo na aula. Este modo de aprendizaxe ofrece unha maior inclusión do alumnado pertencente aos grupos tan heteroxéneos do noso centro.	
Valoración xeral da implantación	Logo de dous anos, entramos no terceiro aspirando a consolidar os avances e ampliar o número de grupos e profesorado implicado.	

ABALAR		Ano de implantación: 2010/11
Xustificación da necesidade	Unha gran parte do noso alumnado non conta con acceso a ordenadores e conexión a internet polo que este programa rompe a brecha dixital á que estaban avocados.	
Valoración xeral da implantación	Son xa 8 anos dentro do proxecto e aínda que supón un esforzo para manter os equipos en funcionamento é unha aposta pola implantación das TICs.	

EDIXGAL	Ano de implantación: 2015/16
Xustificación da necesidade	O contexto dixital no que se moven os mozos actuais require actualizar as vías de comunicación e traballo. Grazas a tecnoloxía o libro deixou de ser a fonte única de información e da man do cambio metodolóxico queda relegado a un recurso máis na aula onde o alumno ten que ser o líder da aprendizaxe.
Valoración xeral da implantación	Este terceiro ano, busca mellorar o atractivo do recurso do libro de texto dixital. O proxecto supón un desafío para o profesorado e o alumnado debido as dificultades técnicas que ten a plataforma e os netbooks. Coordinado por Antonia Segura Alcázar.

## 6. Estrutura organizativa

### 6.1. órganos de goberno unipersoais

O Director/a

É o máximo responsable do centro. Ostentará a súa representación, exercerá a xefatura de todo o persoal, coordinará a Dirección, ordenará os pagamentos, resolverá os expedientes disciplinarios e realizará as demais tarefas que establece o Regulamento Orgánico dos Institutos.

O Xefe/a de estudos

Exercerá a xefatura do persoal docente por delegación do director, coordinará o labor pedagóxico e titorial do centro e a realización dos horarios de profesores e de grupos e as demais funcións que lle confire o Regulamento Orgánico dos Institutos.

O Secretario/a

Exercerá a xefatura do persoal de administración e servizos por delegación do director. Exercerá a xefatura da secretaría, coordinará os labores administrativos e contables do

centro, realizará os pagamentos e demais funcións que contempla o Regulamento Orgánico dos Institutos.

## 6.2. Órganos colexiados

### **O Consello Escolar**

O consello escolar do centro é o órgano a través do cal participan na súa xestión os distintos membros da comunidade escolar.

Estará composto polos seguintes membros, sempre que o centro conte con 8 ou máis unidades.

- O director ou directora, que será o seu presidente.
- O xefe ou xefa de estudos.
- Un concelleiro ou representante do concello do municipio no que estea situado o instituto.
- Sete profesores elixidos polo claustro.
- Tres representantes dos pais ou nais de alumnos.
- Catro representantes do alumnado.
- Un representante do persoal de administración e servizos.
- O secretario ou secretaria, que actuará como secretario do consello, con voz, pero sen voto.

As atribucións do Consello Escolar do instituto figuran recollidas no artigo 127 da Lei 8/2013, para a mellora da calidade educativa.

En virtude do artigo 6 do Decreto 8/2015 no seo do consello escolar constituirase a comisión de convivencia que terá carácter consultivo, a súa composición e funcións están recollidas no artigo citado.

Actualmente o centro conta con menos de 8 unidades polo que os representantes redúcense a: Director ou Directora (é o seu/súa presidente/a), un Concelleiro ou unha Concelleira ou representante do Concello, dous membros do profesorado elixidos polo claustro, un

representante dos pais e nais do alumnado, un representante do alumnado.

Os membros do Consello Escolar renovaranse por metades de forma alternativa cada dous anos.

## **O Claustro**

O claustro de profesores é o órgano propio de participación destes no goberno do centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, decidir e, se é o caso, informar sobre todos os aspectos docentes do mesmo.

O claustro estará integrado pola totalidade dos profesores e profesoras que presten servizo nel e será presidido polo director ou directora do centro.

O claustro reunirase preceptivamente en sesión ordinaria unha vez por trimestre e sempre que o convoque a súa presidencia ou o solicite un terzo, polo menos, dos seus membros. En todo caso reunirase ao inicio e ao remate de curso. As convocatorias publicaranse no taboleiro de anuncios da sala de profesorado e remitiranse por correo electrónico aos membros.

## **6.3. Órganos de coordinación docente**

### **6.3.1. CCP**

Segundo o artigo 77 do Decreto 324/1996, nos institutos de educación secundaria existirá unha comisión de coordinación pedagóxica que estará integrada polo director ou directora, que desempeñará a súa presidencia, o xefe ou xefa de estudos e, se for o caso, o xefe ou xefa de estudos de nocturno, as xefaturas de departamento, a persoa encargada da coordinación do equipo de dinamización da lingua galega, o profesorado de apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais, a persoa coordinadora da biblioteca e, se for caso, a persoa responsable da coordinación de formación en centros de traballo. Actuará como secretario ou secretaria un membro da comisión, designado pola dirección, oídos os restantes membros.

As súas funcións fundamentais son elaborar propostas ao claustro sobre o proxecto curricular e educativo do centro, así como facer un seguimento aos mesmos; establecer as



directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos departamentos, do plan de orientación académica e profesional, do plano de acción tutorial, así como das adaptacións curriculares e dos programas de mellora do rendemento académico.

Reunirase cunha periodicidade mensual. As convocatorias publicaranse no taboleiro de anuncios da sala de profesorado e remitiranse por correo electrónico aos membros.

### **6.3.2. Departamento de orientación**

O departamento de orientación é un órgano de coordinación docente que ten como función básica, de acordo coas directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica, as propostas de organización da orientación educativa, psicopedagóxica, profesional e o plan de Acción Tutorial do centro.

Formarán parte do departamento de orientación:

1. O xefe ou xefa de departamento.
2. Un titor ou titora por cada un dos niveis do centro a proposta da comisión de coordinación pedagóxica. Procurarase que existan membros do profesorado de cada un dos ámbitos lingüístico-social e científico-tecnolóxico e do maior número posible de materias.
3. O profesorado de pedagogía terapéutica e, se é o caso, de audición e linguaxe, que exercen a función de apoio á atención ao alumnado con necesidades educativas especiais do centro. As súas funcións e competencias están regulamentadas na normativa vixente.

### **6.3.3. Equipo de dinamización da Lingua galega**

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do centro está regulado polo Decreto 79/2010 e está constituído por:

- Tres profesores/as, por proposta da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Tres alumnos, por proposta da Xunta de delegados.
- Un membro do persoal non docente, por proposta dos mesmos.

## **Competencias do EDL**

As competencias do EDL figuran recollidas no Capítulo VII, artigo 83 do Decreto 324/1996.

## **Coordinación do EDL**

A coordinación do equipo será desempeñada por un profesor ou profesora, preferentemente con destino definitivo no centro.

O coordinador, que será nomeado polo Director/a por proposta dos compoñentes do equipo, desempeñará as súas funcións durante catro anos, renovables, se é o caso, e cesará ao final dos mesmos.

### **6.3.4. Equipo de actividades complementarias e extraescolares**

É responsabilidade da Dirección o nomeamento da persoa responsable do departamento de actividades complementarias e extraescolares.

No mes de setembro os departamentos presentarán a programación de actividades complementarias e extraescolares, razoada e con obxectivos, para sometela á aprobación polo Consello Escolar e a súa inclusión na Programación Xeral Anual.

A Xefatura de Estudos coordinará todas as actividades programadas polos Departamentos co fin do seu mellor aproveitamento.

Corresponde ao Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares promover e facilitar este tipo de actividades coa cooperación do resto dos equipos e profesorado implicados nelas.

Correspóndelle a cada titor/a, en colaboración co Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, a organización das saídas e actividades complementarias do seu alumnado.

Os distintos colectivos do centro, a través dos seus órganos representativos, así como outras entidades ou administracións, poderán promover actividades sempre que teñan unha finalidade educativa ou formativa.

### 6.3.5. Equipo de biblioteca

A dirección designará unha persoa como dinamizadora responsable da biblioteca por un período de 4 anos. Disporá dunha redución horaria de acordo coas posibilidades do centro, e coordinarase coa dirección do centro. As súas funcións serán:

a) Elaborar, en colaboración co profesorado de apoio, o proxecto anual da biblioteca escolar e a memoria final.

b) Coordinar, seguindo as directrices da Consellería, a elaboración e posta en práctica do proxecto lector do centro, coa participación de todo o profesorado.

c) Realizar o tratamento técnico dos fondos (seleccionar, organizar, clasificar e catalogar).

d) Informar ao claustro das actividades da biblioteca e integrar as súas suxestións.

e) Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.

f) Definir os criterios para para ao préstamo e atender o servizo xunto co equipo de apoio.

g) Asesorar ao profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental para a formación do alumnado nestes aspectos.

h) Coordinar o equipo de apoio á biblioteca escolar.

i) Representar ao equipo da biblioteca na CCP.

j) Xestionar a compra de libros e outro material.

k) Aquelas outras funcións que a Consellería de Educación estableza na súa normativa sobre bibliotecas escolares.

### 6.3.6. Equipo de dinamización das tic

As funcións do/a coordinador/a das TIC son as que están determinadas pola Orde de 17 de xullo de 2007 da Consellería de Educación (DOG do martes 24 de xullo de 2007), e serán en colaboración co profesorado de apoio as seguintes:

a) Dinamizar e impulsar o uso das TIC no centro.

b) Recoller as incidencias dos equipamentos informáticos do centro, constituíndo o primeiro nivel de soporte destes, contando co apoio, nesta tarefa, do/a asesor/a ABALAR da zona, e coa empresa do mantemento informático do centro.

c) Dar apoio no uso didáctico do equipamento informático do centro ao resto do claustro.

d) Elaborar por requerimento do equipo directivo e das liñas directrices da CCP, o proxecto TIC e a organización e xestión dos medios e recursos tecnolóxicos do centro.

e) Asesorar no mantemento da páxina web do centro

f) Asesorar no mantemento da aula virtual do centro.

### 6.4. Departamentos didácticos

Os departamentos do centro son:

Departamento de Educación Física e Deportiva

Departamento de Música

Departamento de Tecnoloxía

Departamento de Educación Plástica e Visual

Departamento de Xeografía e Historia

Departamento de Francés

Departamento de Ciencias da Natureza

Departamento de Relixión Católica e Evanxélica

Departamento de Lingua Castelá e Literatura

Departamento de Lingua Galega e Literatura

Departamento de Inglés

Departamento de Matemáticas

Segundo dispón o Regulamento Orgánico dos institutos, á fronte de cada departamento haberá unha persoa responsable designada polo director seguindo o procedemento que establece e completa a Orde do 1 de agosto de 1997. Estará a cargo da coordinación didáctica das materias respectivas, debendo redactar a programación didáctica.

A xefatura de departamento será a responsable de informar sobre todo o relacionado coas materias, recursos, materiais, instalacións e funcionamento do departamento, ao profesorado que se incorpore por primeira vez ao mesmo.

## 7. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO

	Responsable	DATA E ÓRGANO DE APROBACIÓN	Revisión	MEDIO DE DIFUSIÓN
PEC	Dirección	28/06/2019	Catro anos	Na secretaría do centro, e web do centro
NOF	Equipo directivo Profesorado	17/06/19	Anual	Na secretaría do centro, e web do centro
Plan convivencia	Comisión Convivencia	30/06/2016	Anual	Na secretaría do centro, e web do centro
Prox. lingüístico	Equipo dinam. Lingua galega	12/11/2015	Anual	Na secretaría do centro, e web do centro
Plan tic	Equipo de dinam. TIC	16/10/2018	Anual	Na secretaría do centro, e web do centro
Plan atención á diversidade	Depto. Orientación	02/11/2017	Anual	Na secretaría do centro, e web do centro
Concr. Curr.	CCP Claustro Departamentos	02/11/2017	Catro anos	Na secretaría do centro, e web do centro
PAT	Depto. Orientación	01/10/2018	Anual	Na secretaría do centro, e web do centro
Proxecto edixgal	Equipo de dinam. TIC	1 de xuño de 2015	Catro anos	Na secretaría do centro, e web do centro
Plan anual de lectura	Equipo de biblioteca	01/10/2018	Anual	Na secretaría do centro, e web do centro

### REVISIÓN, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

O presente documento, así como todos os que figuran na táboa anterior, deben ser revisados cada 4 anos. En calquera caso, poderanse modificar sempre que as circunstancias o esixan. Así mesmo, todos os plans/programas anteriores deberanse concretar anualmente na PXA.

En relación á avaliación do presente documento avaliarase no claustro e consello escolar de final de ano así como ao inicio de curso a fin de introducir melloras no mesmo ao remate dos catro anos ou cando as circunstancias así o esixan.